




# IES "Félix Muriel" Rianxo



OS POVOS DE HESPAÑA ESTAN AGARDANDO POLA XUSTIZA  
QUE AS DEMOCRACIAS PROMETERON

EL PUEBLO ESPAÑOL EN ESPERA DE LA JUSTICIA DE LAS DEMOCRACIAS

The Spanish peoples are waiting the Justice  
promised by Democracies.

Postal deseñada por Castelao para que os demócratas de Europa  
e Amércia mandaran á ONU pedindo Paz e Liberdade para España

30 DE XANEIRO. DÍA DE CASTELAO e DÍA DA PAZ, para @s galeg@as ademais, DÍA DA PAZ LINGÜÍSTICA

OS POBOS DE ESPAÑA ESTÁN AGARDANDO POLA XUSTIZA QUE AS DEMOCRACIAS PROMETERON

## DA INFANCIA Á IDADE ADULTA

- 1886** Nace en Rianxo o 29 de xaneiro, aínda que en todas as biografías aparece o 30 (día do seu bautizo).
- 1895** Coa súa nai viaxa á Pampa onde o pai ten unha "pulpería". Alí nacen as súas irmás Xosefina e Teresa.
- 1900** Retorna toda a familia a Galicia. Trasládase a Santiago a estudar bacharelato de arte.
- 1902** Empeza a carreira de medicina en Santiago de Compostela.
- 1907** Participa na tuna universitaria.
- 1908** Expón no Salón de Humoristas de Madrid. Colabora na ilustración de varias revistas.
- 1909** Licénciase en medicina (exerce pouco tempo).
- 1910** Funda con Arcos Moldes, Eduardo Dieste e Rey Baltar "El Barbero Municipal", xornal anticaciquil onde se fai rexouba de Viturro.
- 1911** Pronuncia a conferencia " Algo acerca de la caricatura".
- 1912** Éxito na galería Iturriz de Madrid. A xente de Rianxo recíbeo con cántigas feitas "ad hoc" polo fistor Vicharaco. Casa na Estrada con Virxinia Pereira. Adhírese, dada a preocupación polos asaballamentos de que eran obxectos os labregos , á Liga de Acción Galega.
- 1913** Nace o seu único fillo Alfonso Xesús.
- 1914** Comezan os seus problemas de visión; ten desprendemento de retina.
- 1915** Deixa a medicina e aproba oposición a unha praza de auxiliar de estatística. Terceira medalla na Mostra Nacional de Bellas Artes, Madrid.

## PERÍODO GALEGUISTA (1916-1929)

- 1916** Comeza a traballar en Pontevedra como funcionario do Instituto Xeográfico Estadístico, praza que gañara o ano anterior. Adhírese ás Irmandades da Fala.

DE  
DGL

- 1918** Participa na primeira Asemblea das Irmandades en Lugo e subscribe o manifesto.
- 1919** O pobo de Rianxo alporízase contra Viturro por querer derrubar o hórreo do pai de Castelao. Conseguen evitalo. Expón os 50 dibuxos de Nós por cidades e vilas de Galicia. Debuxos que denuncian as miserias do noso país e sinalan os responsables de certas situacións inxustas.

DE  
DGL

- 1920** Créase a Revista Nós da que el vai ser director artístico.
- 1921** Viaxe artístico por Francia, Países Baixos e Alemaña.
- 1922** Publica "Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete", o seu primeiro relato.
- 1926** Publica a primeira edición do seu libro "Cousas". Ingresa como membro da Real Academia Galega.
- 1928** Morre o seu fillo.
- 1929** Viaxa a Bretaña para estudar as cruces de pedra. Sae "Cousas" segundo libro.

DE  
DGL

## ESCRITOR E DIRIXENTE POLÍTICO

DE  
DGL

- 1930** Publica o volume "Cincoenta homes por dez reas".
- 1931** Proclámase a II República. Sae elixido deputado para as Cortes Constituíntes. Defende a lingua galega no Parlamento. Créase o Partido Galeguista e ingresa nel.
- 1932** No parlamento, deféndese o Estatuto de Autonomía para Cataluña.
- 1933** Segundas eleccións da República. Comeza o Bieno Negro.
- 1934** Lerroux destérrao a Badajoz (novembro) pola súa actividade política. Publica "Retrincos " (Cinco contos nos que outros tantos anacos da súa vida se convirten en fermosas pezas de arte) e " Os dous de sempre" , novela.

DE  
DGL

DE  
DGL

DE  
DGL

- 1935** Fin do desterro (novembro). Volta a Pontevedra.
- 1936** Victoria da Fronte Popular. Apróbase en plebiscito ao Estatuto de Autonomía que se entrega no Parlamento. Insurrección fascista.
- 1938** Consegue que se retome a tramitación parlamentaria do Estatuto de Autonomía na sesión celebrada en febreiro en Montse-rrat. Intenso labor de apoio e defensa da causa republicana. Participa na creación da revista Nova Galiza. Viaxa como embaixador da República por Europa e América. Viaxa a Moscú onde expón as estampas da guerra e as do álbum "Nós".
- 1939** Debuxos de negros.

DE  
DGL

DE  
DGL

## EXILIO (1940-1950)

- 1940** Establece a súa residencia definitiva en Bos Aires, onde foi recibido como un heroe nacional e onde seguirá desenvolvendo o seu labor político.
- 1941** Estreo en Buenos Aires de " Os vellos non deben namorarse". "Meus compañeiros", cadros de cegos.
- 1944** Sae á luz "Sempre en Galiza" (Para moitos a biblia da galegitude). Créase o Consello de Galiza.
- 1946** É nomeado ministro sen carteira do Goberno da República no exilio, polo que traslada a súa residencia a París.
- 1947** Volta coa súa dona a Buenos Aires onde o recibiron coa rianxeira (1ª vez que se estre-aba letra e música).
- 1949** Diagnostícanlle cancro de pulmón. Firma o primeiro prego de "As cruces de pedra na Galiza" (procura mostrar un feito artístico protagonizado por canteiros do pobo).
- 1950** Morre o 7 de xaneiro e o seu enterro foi multitudinario no Panteón do Centro Galego do Camposanto da Chacarita.

DE  
DGL

DE  
DGL

DE  
DGL